




Plan de Igualdade

CEIP Virxe de Covadonga



CURSO 2020/2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ELABORACIÓN E
DESENVOLVEMENTO DO PLAN

3. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA
E DO CENTRO

3.1. BASES LEXISLATIVAS

3.2. O ENTORNO E O CENTRO:
CARACTERÍSTICAS

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN CONCRETA
DO CENTRO EN MATERIA DE
IGUALDADE DE XÉNERO, VIOLENCIA
DE XÉNERO E LGBTIFOBIA

5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

5.1. EN RELACIÓN Ó ALUMNADO

5.2. EN RELACIÓN Ó PROFESORADO

5.3. EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

5.4. EN RELACIÓN Ó PERSOAL NON
DOCENTE E OUTROS PROFESIONAIS
RELACIONADOS CO CENTRO

6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO:
ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

7. MODELOS DE ACTIVIDADES E
TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN



A lexislación educativa inspírase nun marco legal con multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico que teñen como principio reitor a igualdade entre homes e mulleres.

Neste sentido aprobouse o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Así, o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado, algo que debemos ter en conta os mestres e mestras como formadores da futura sociedade.

Faise necesario incidir no desenvolvemento dos nenos e nenas nos seus primeiros anos; e aínda que o proceso de coeducación empeza na familia, a escola desenvolve un labor fundamental, inducendo comportamentos non sexistas e construindo unha escala de valores baseada na inexistencia de discriminación por razóns de xénero, condición sexual...

E é que educar significa promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que é preciso favorecer este valor entre o alumnado para superar as limitacións impostas polo xénero a través dun traballo sistemático na comunidade educativa.

Dende a nosa escola comprometémonos a seguir traballando accións encamiñadas a promover a igualdade entre homes e mulleres, desenvolvendo unha reflexión e crítica sobre aqueles aspectos que xeren discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo, aproveitando esas diferencias para enriquecer e completar o desenvolvemento do alumnado.

2. ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Este Plan de Igualdade foi elaborado pola dirección do centro coa colaboración do Departamento de Orientación. No seu desenvolvemento participará toda a comunidade educativa, tendo unha función destacada o Claustro e o Consello Escolar. Dentro da organización do propio centro, nomearase unha persoa no seo do Consello Escolar que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

3. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

3.1. BASES LEXISLATIVAS



- Decreto 374/1996 do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de Xullo de 1998, pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio (LOE).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, coa finalidade de garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais no ámbito educativo.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve o regulamento de réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado e na Lei

4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como dos procedementos de prevención e corrección das condutas que afecten a convivencia nos centros docentes.

- ☑ Instrución do 6 de setembro de 2019, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Nos documentos de organización de centro tamén vamos ter en conta cuestións relacionadas coa igualdade de xénero e a coeducación:

- No Proxecto Educativo recolleamos os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación do centro e ademais os contidos relacionados coa atención á diversidade, a acción titorial e o Plan de Convivencia. Polo tanto, da conta da abordaxe do principio de igualdade en toda a súa extensión.
- Nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC), establecemos as normas que favorezan o seguimento do cumprimento do principio de igualdade.
- Na PXA (Programación Xeral Anual) aparecen as propostas de acción no ámbito da igualdade.
- Na Memoria Anual comprobaremos a eficacia das políticas de igualdade desenvolvidas dende o centro.
- O Plan de Convivencia recolle accións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.
- No Plan de Acción Titorial inclúense apartados específicos destinados a potenciar modificacións nos modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas.

3.2. O ENTORNO E O CENTRO: CARACTERÍSTICAS

O CEIP Virxe de Covadonga, está situado nun barrio da periferia de Ourense, chamado Guizamonde. Zona deprimida economicamente, con escaseza de traballo e actividades

culturais. Todo isto inflúe negativamente nalgúns nenos/as que asisten a este centro, amosando dificultades no desenvolvemento das súas aprendizaxes e relacións sociais.

Este centro, conta cun anexo no barrio de Eiroás, onde as familias teñen un mellor nivel socioeconómico. Sen embargo, están aumentando as dificultades na aprendizaxe, sobre todo, nos nenos/as inmigrantes e de minorías étnicas.

O edificio emprazado no barrio de Guizamonde, está formado por unha unidade de educación infantil e 3 de educación primaria, estando agrupados os nenos de 4º, 5º e 6º de EI, os nenos de 1º e 2º de EP, os nenos de 3º e 4º de EP e os nenos de 5º e 6º de EP.

O edificio situado no barrio de Eiroás, conta con tres unidades de educación infantil e seis de primaria, cada nivel nunha aula.


No tocante a recursos humanos, o CEIP Virxe de Covadonga conta este curso con 25 mestres e mestras.

No centro están matriculados ao redor de 156 nenos e nenas.


4. ANÁLISE DA SITUACIÓN CONCRETA DO CENTRO EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO, VIOLENCIA DE XÉNERO E LGBTIFOBIA

COMPOSICIÓN DO CENTRO (número de mulleres -en azul claro- e número de homes- en azul escuro-):


Equipo directivo




Profesorado




Alumnado



Persoal non docente



Consello escolar



Actualmente, en canto ó uso de espazos escolares, o patio escolar está distribuído por recunchos, por zonas, de maneira que cada zona é de uso e disfrute das nenas e nenos dun grupo-clase. O patio do edificio de Covadonga conta cunha zona de fútbol, outra de baloncesto, unha de patio cuberto e outra para as crianzas de Educación Infantil. No edificio de Eiroás contamos cunha zona de fútbol, outra de baloncesto, unha de brilé e outra para Infantil. No patio de Eiroás, pola cantidade de alumnado, existe un horario semanal para saber a que grupo lle corresponde en cada zona, logrando deste xeito rotar a todo o alumnado por todas as zonas. Nos patios do colexio, en ámbolos dous edificios, están pintados xogos no chan, tales que o 3 en raia, o xadrez, o truco, circuítos, etc. Promóvese sempre a interacción entre nenas e nenos dunha mesma clase dentro do patio escolar.

No referente ás reunións entre nais, pais, titores legais e profesorado, podemos afirmar que en máis do 70% das reunións coas titorías a que asiste é unha figura feminina, case sempre as nais.

Neste sentido podemos dicir que se compren con frecuencia os estereotipos existentes con respecto á educación dos fillos, que na maioría das ocasións recae sobre a figura materna.

Segundo a memoria do Plan de Convivencia do curso pasado, os obxectivos propostos acadáronse na medida do que foi posible. En liñas xerais non se deron conflitos sobresaíntes entre o alumnado, de xeito que os pequenos conflitos do día a día foron atallados, en primeira instancia dende as titorías (a través do Plan de Acción Titorial) e como reforzo, nalgúns ocasións, con intervencións grupais e individuais pola orientadora e noutras tamén co apoio do equipo directivo.

Queremos facer fincapé que algúns dos conflitos non xurdiron no centro, senón que a súa orixe estaba fóra da escola (parque, redes sociais, etc).

Co presente Plan, incluído na programación do centro, procuramos fomentar valores e actitudes necesarios para que as nosas alumnas e alumnos poidan vivir en sociedade, eliminando todo tipo de violencia e de discriminación na contorna máis próxima. Pretendemos que adquiran o valor da igualdade, pero non que o entendan como un feito illado que traballaron un día na escola, senón como unha actitude desexable e necesaria por e para a sociedade. Isto conseguírase a través da realización de actividades lúdicas e próximas a eles.

No centro na maioría dos cursos lévanse a cabo actividades sobre igualdade e violencia de xénero, e non sempre condicionadas á celebración de datas como o Día da Muller ou o Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Asemade na biblioteca do centro como nas bibliotecas de aula cóntase con publicacións que van crescendo no día a día que tratan de forma explícita ou implícita obxectivos coeducativos.

A nivel biblioteca ademais, a igualdade constitúe unha liña de traballo transversal en todas as accións, na selección das propostas de lectura (maletas viaxeiras, libros a eito, rede lectura e hora de ler, etc.).

5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS



- ✓ Promover a igualdade de oportunidades e a equidade entre homes e mulleres a través da educación e da escola.
- ✓ Incluír a igualdade real entre mulleres e homes no proxecto educativo do centro, nas programacións curriculares e na asignación de responsabilidades e espazos.
- ✓ Dar preferencia a materiais escolares, libros de texto, recursos pedagóxicos e proxectos educativos non sexistas, así como traballar contidos que fomenten os valores de igualdade.
- ✓ Establecer, como política de centro, que o patio sexa coeducativo.
- ✓ Educar no respecto á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- ✓ Favorecer o diálogo e a tolerancia.
- ✓ Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc.).
- ✓ Establecer mecanismos de información e avaliación periódicos para previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación no ámbito educativo.
- ✓ Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero e LGTBIfobia.
- ✓ Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual a través da aceptación das diferenzas e da comunicación interpersonal.
- ✓ Establecer vías de comunicación con persoas e institucións que promovan a igualdade de oportunidades.

5. 1. EN RELACIÓN Ó ALUMNADO

- ✓ Motivar o cambio de actitudes para promover relacións igualitarias.

- ✓ Promover a cooperación e colaboración dentro da aula, repartindo equitativamente as responsabilidades.
- ✓ Fomentar a autonomía do alumnado tanto na casa como no entorno escolar de modo que sexan capaces de realizar tarefas cotiáns, evitando desigualdades.
- ✓ Animar a participar por igual en tarefas propostas na casa.
- ✓ Fomentar o uso igualitario dos espazos (recreo, aula, ximnasio, etc.) favorecendo a participación igualitaria e a distribución dos espazos nos xogos e actividades físico-deportivas.
- ✓ Recoñecer e traballar as emocións para aprender a xestionalas como medida preventiva, así como favorecer as relacións interpersoais e a consolidación de valores.
- ✓ Favorecer o recoñecemento dos sentimentos e da súa verbalización, favorecendo a asertividade.
- ✓ Coidar que o trato entre o alumnado non estea condicionado ó sexo de cada un.
- ✓ Aprender a respectar os sentimentos dos iguais.
- ✓ Concienciar sobre os indicadores de risco nas relacións de parella e dotalos de habilidades para evitalos.
- ✓ Adquirir coñecementos básicos acerca do feito sexual humano (aspectos biolóxicos, psíquicos e sociais) coa fin de cuestionar e eliminar crenzas e prexuízos infundados, solicitando a axuda doutras persoas en caso de necesidade e utilizando de forma crítica os recursos que temos ao noso alcance.
- ✓ Desenvolver unha actitude de naturalidade ante a sexualidade.
- ✓ Ir consolidando unha identidade sexual libre de elementos de xénero discriminatorios.
- ✓ Establecer o diálogo e a comunicación sobre os temas sexuais no interior do grupo de iguais, na familia e na escola; desenvolvendo un vocabulario preciso e non discriminatorio en relación coa sexualidade.
- ✓ Asumir que as relacións entre as persoas están baseadas na igualdade, o respecto e a responsabilidade

5. 2. EN RELACIÓN Ó PROFESORADO



- ✓ Potenciar a formación en materia de igualdade e coeducación.
- ✓ Desenvolver un banco de actividades que fomenten a igualdade entre nenos e nenas.
- ✓ Dotar de información e estratexias para previr e detectar o acoso escolar na etapa de primaria a través do desenvolvemento da intelixencia afectiva mediante a educación personalizada reforzando a educación en valores e o autocontrol.
- ✓ Mostrar os factores de risco que levan a unha relación de maltrato.
- ✓ Identificar o problema da violencia de xénero, tanto física como psíquica, sexual e social.
- ✓ Elaborar actividades educativas enfocadas ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais coa fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.
- ✓ Prestar atención ás posibles actitudes sexistas que poidan aparecer nas participacións en clase.
- ✓ Crear equipos de traballo na aula, heteroxéneos en todos os aspectos.
- ✓ Desenvolver estratexias organizativas e curriculares precisas para conseguir un currículo non sexista.
- ✓ Empregar unha linguaxe igualitaria en todas as explicacións procurando que apareza o masculino e o feminino.
- ✓ Utilizar termos neutros que favorezan unha maior visibilidade da diversidade sexual.
- ✓ Facer visible a homofobia e a transfobia que se agocha na linguaxe cotiá.
- ✓ Demostrar empatía e comprensión á hora de intervir ante comportamentos homófobos.
- ✓ Amosar as consecuencias que ten o acoso por homofobia e transfobia sobre as persoas que o sofren.

- ✓ Crear un clima de confianza e seguridade para os estudantes LGBTI, favorecendo a súa visibilidade se for necesario.
- ✓ Fomentar en clase e fóra dela xogos e xoguetes neutros, cooperativos e compartidos.
- ✓ Consolidar o respecto e a igualdade entre todos os membros do claustro.

5. 3. EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

- ✓ Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade.
- ✓ Ofrecer formación en materia de igualdade e violencia de xénero, así como información ante situacións de desigualdade, discriminación ou violencia que poidan vivir.
- ✓ Organizar sesións informativas-formativas onde se traten temas relacionados coa igualdade de xénero.
- ✓ Proporcionarlles pautas e criterios a practicar en casa para evitar os estereotipos sexistas.

5. 4. EN RELACIÓN Ó PERSOAL NON DOCENTE E OUTROS PROFESIONAIS RELACIONADOS CO CENTRO

- ✓ Consolidar o respecto e a igualdade.

6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO: ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- ∞ Actuación global no centro.

As actuacións son xeneralizadas para toda a comunidade educativa.

- ∞ Enfoque metodolóxico globalizador.

A coeducación, a igualdade e o rexeitamento contra a discriminación por cuestión de sexos serán a máxima deste Plan, procurando este obxectivo xunto co desenvolvemento das competencias clave.

- ∞ Participación de todo o alumnado de maneira igualitaria e non discriminatoria, abrangendo dende a Educación Infantil ata o último curso de Educación Primaria.

A finalidade é contrarrestar e cambiar algunhas condutas sexistas propias da nosa herdanza social, e inculcar nestas novas xeracións hábitos e condutas propias de persoas educadas na liberdade e no respecto mutuo.

- ∞ Partir do nivel psicoevolutivo do grupo de nenas e nenos.

Só así poderán desenvolver contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres de maneira funcional.

- ∞ Aprendizaxe significativa.

Levaremos a cabo actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, partindo das propias experiencias do alumnado e da contorna máis inmediata que lles rodea: o fogar.

- ∞ Apoio á realización vocacional do alumnado.

Dun xeito inclusivo, a igualdade de oportunidades ten que ser unha realidade.

- ∞ Diálogo como intercambio de impresións e propostas.

Tanto entre o alumnado como entre o profesorado e coas as nais e pais, mantendo un clima de armonía que fomente as boas relacións.

- ∞ Coordinación do profesorado.

Para intercambiar impresións, suxerencias e propostas, buscando sempre a motivación do alumnado.

- ∞ Comunicación familia-escola.

As actividades estarán baseadas na experiencia familiar, na convivencia que iso supón; para así podelo trasladar á vida en sociedade. É primordial que as familias participen na nosa tarefa educativa.

- ∞ Adquisición de materiais curriculares coeducativos, tanto nas bibliotecas de aula como na do centro.

7. MODELOS DE ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS

A NIVEL CENTRO:

- 🕒 Equidade nos órganos de decisión e representación do centro.
- 🕒 Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- 🕒 Difusión do Plan de Igualdade entre a comunidade educativa.
- 🕒 Formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- 🕒 Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- 🕒 Conmemoración de datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo...).
- 🕒 Colocación dun taboleiro coeducativo con toda a información relativa ás actividades/concursos/novidades relacionadas coa coeducación e a igualdade.
- 🕒 Tratamento da coeducación de xeito transversal nas diferentes materias escolares e tendo moi en conta a súa relación coas competencias clave do currículo (Ex.: tratamento da información e competencia dixital: guiar ó alumnado a adquirir un xuízo crítico ante os modelos de roles asignados a homes e mulleres que promoven os medios de comunicación; competencia en comunicación lingüística: utilización dunha linguaxe non sexista en tódalas tarefas escolares a nivel oral e escrito).

- Q Revisión das programacións didácticas e da práctica docente dende unha perspectiva de xénero.
- Q Actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Q Xestión das actividades do patio para favorecer a inclusión. Por exemplo, coa creación dun banco da amizade no patio do centro: “Non quero estar só/soa”.
- Q Prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da Orientación Educativa.
- Q Difusión da web do centro, como espazo educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- Q Colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas: concello, Cruz Vermella, asociacións.... Etc.

A NIVEL AULA:

- Q Revisión do material didáctico empregado na aula.
- Q Realización de actividades de sensibilización, a través do Plan de Acción Titorial, tipo:
 - Elaboración dun cartaz coas tarefas da casa que fai o alumnado e as que podería facer.
 - Creación de tarxetas personalizadas co perfil profesional das nais traballadoras e posterior exposición.
 - Dramatización de escenas curtas sobre comportamentos e linguaxe non axeitadas e posterior reflexión.
 - Busca de artigos relacionados coa homofobia e transfobia e posterior análise en clase para normalizar a situación.
 - Etc.
- Q Lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Q Creación de álbum de persoeiros galegos que defenderon a igualdade.
- Q Recollida de xogos e xoguetes para a súa posterior clasificación. Etc.

COAS FAMILIAS:

- Q Desenvolvemento de actividades de información e sensibilización coas familias, a través das titorías.

🕒 Convide ás mamás para que veñan ó cole a contarnos a que se adican. Etc.

En canto á temporalización, estes modelos de actividades levaranse a cabo ó longo de todo o curso escolar, distribuíndoas nos tres trimestres dun modo equitativo.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Plan de Igualdade someterase a un seguimento e avaliación continua, introducindo no día a día modificacións e propostas de mellora oportunas. Isto permitiranos saber se os obxectivos expostos son os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para acadar a finalidade do Plan.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final.

Así, ó remate do curso escolar, claustro e consello escolar, analizarán a situación do centro, propoñendo medidas encamiñadas ó cambio ou mellora se é necesario. Esta avaliación final centrarase nos resultados obtidos, nas posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

Asemade, valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Os indicadores de avaliación serán:

- os obxectivos e as actividades propostas,
- repercusións no alumnado,
- o seguimento docente,
- tempos e espazos empregados,
- a memoria do Plan de Igualdade.

A avaliación deberá ser un exercicio responsable, individual e tamén colectiva, implicando un proceso de reflexión e análise sobre as actuacións que se van desenvolvendo e sobre o resultado das mesmas.

Ademais, a fin última é a participación de todas as persoas implicadas no desenvolvemento do Plan.